O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:02:09



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11011**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a transparencia na información relativa ás listaxes de espera no Sergas, os datos referidos aos programas da Xunta de Galicia para reducilas, os seus resultados e as derivacións de cirurxías e probas diagnósticas a centros privados"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Ministerio de Sanidade é o departamento encargado de normalizar o sistema de listas de espera e de facer público por cohesión do sistema nacional de saúde das listaxes de todas as comunidades autónomas para poder compararse entre si. A Consellería de Sanidade cumpre escrupulosamente coa normativa establecida e publica a información correspondente, consonte establece o real decreto 605/2003, de 23 de maio, polo que se establecen as medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listaxes de espera no sistema nacional de saúde.

Ademais, nun exercicio de transparencia, antes da publicación dos datos correspondentes ao segundo semestre de 2024 por parte do Ministerio, a Consellería de Sanidade ofreceu un conxunto de roldas de prensa o pasado 7 de marzo para informar deses datos, tanto a nivel da media de Galicia, como en cada unha das áreas sanitarias. Esa información é pública e pode consultarse na páxina web da Consellería de Sanidade.

En 2024 a sanidade pública superou por primeira vez a barreira das 200.000 operacións cirúrxicas nun ano, cun aumento de actividade do 5,6 %, 10.865 intervencións máis.

Aumentou tamén un 10,7 % a cirurxía de prioridades 1 e baixou o tempo de espera en 3,5 días.

Galicia conta cos tempos medios de espera dos máis baixos do Estado. As porcentaxes de pacientes que agardan máis de 6 meses para operarse e máis de 60 días para a consulta son en Galicia máis dun 20 % inferiores á media nacional.

O Servizo Galego de Saúde tamén fixo en 2024 máis consultas de especialista e con menos pacientes agardando: incrementáronse as consultas nun 2,7 % e reduciuse nun 7,5 % o número de pacientes pendentes, baixando en 12,5 días o tempo de acceso".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:01:49



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11107**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, dona Noa Presas Bergantiños e dona Iria Carreira Pazos, sobre **“a estratexia da Xunta de Galicia e as medidas concretas que ten previsto adoptar en diante verbo da atención á saúde sexual e reprodutiva das mulleres”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende a entrada en vigor da Lei 01/2023, do 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno galego está a traballar para garantir a súa aplicación.

Existe información publicamente accesible dende a páxina web do SERGAS sobre o proceso, normativa e condicións para interromper voluntariamente o embarazo, así como un listado de centros COF onde poder obter asesoramento persoal sobre como proceder nunha interrupción voluntaria do embarazo.

Adoptáronse as medidas necesarias nas áreas sanitarias para garantir que a maioría das interrupcións puideran realizarse no ámbito público seguindo os criterios de gratuidade, accesibilidade e proximidade. Deste xeito posibilitouse un aumento progresivo das intervencións en centros públicos.

Na actualidade, a maioría das interrupcións voluntarias do embarazo son asumidas na práctica totalidade no ámbito público, agás en casos excepcionais que son derivados a centros concertados por cuestións organizativas puntuais ou por peticións expresas da propia paciente. Así, nos últimos anos rexistrouse un aumento progresivo das intervencións en centros públicos: no primeiro semestre de 2024 o 93% das interrupcións voluntarias do embarazo realizáronse nos centros públicos, o que mostra unha consolidación da asistencia pública nesta área.

Así mesmo, o Goberno galego aprobou en novembro de 2024 o Plan de reprodución humana asistida, coa carteira de servizos máis ampla do estado, facendo posible: que as mulleres con patoloxías diferentes ao cancro, como a endometriose, poidan conxelar os seus ovocitos no Servizo Galego de Saúde; que as mulleres de 30 a 35 anos que queiran postergar a súa maternidade, poidan conxelar os ovocitos no Servizo Galego de Saúde; e que a idade máxima para someterse a tratamentos de fertilidade no Servizo Galego de Saúde se eleve ata os 45 anos”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2025 14:42:17

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11138**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e dona Montserrat Prado Cores, sobre **“o nivel de desenvolvemento e implantación territorial do servizo de hospitalización a domicilio en Galicia (Hado), a súa dotación de recursos e as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da súa evolución”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Galego de Hospitalización a Domicilio aprobouse no ano 2019 cunha dotación orzamentaria de máis de 2,5 millóns de euros. Grazas a este Plan, o número de pacientes atendidos en hospitalización a domicilio incrementouse un 19 % con respecto a 2018.

A última enquisa de satisfacción sobre a calidade do servizo e o trato que están a recibir os pacientes pon de manifesto que un 98,03 % dos pacientes enquisados consideran a asistencia de hospitalización a domicilio como boa, moi boa ou excelente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2025 17:16:02



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11462**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a valoración por parte da Xunta de Galicia da situación da asistencia sanitaria no concello de Trabada e as previsións que ten verbo da cobertura de ambas as dúas prazas de facultativos correspondentes ao seu centro de saúde"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A asistencia sanitaria no municipio de Trabada está garantida con facultativos para 1.001 tarxetas. Non se amortizou ningunha praza. O facultativo do centro de saúde de Trabada continúa a súa actividade habitual coa cobertura dun cupo de 570 e outro de 431".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24147
Data envío: 14/04/2025 17:15:41.431

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2025 17:15:41

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11588**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **“os novos problemas xurdidos na estrada LU-651, na serra do Courel, logo do derrubamento que sufriu hai máis de dous anos”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A exposición de motivos mestura dúas cuestións que son independentes en dúas zonas da estrada situadas a máis de 10 quilómetros de distancia:

- Por un lado, está o afundimento da estrada provocado polo colapso da mina no punto quilométrico 18+300, no treito entre Quiroga e Folgoso de Courel. Tras este feito, púxose en funcionamento o desvío provisional habilitado en tempo récord, e estase a tramitar o proxecto para a restitución do trazado orixinal da estrada.

- Por outro, está a obra na súa fase final de execución da primeira fase de acondicionamento da estrada entre Folgoso e Seoane. Esta primeira fase sitúase entre os puntos quilométricos 29+750 e o 33+270 da estrada, e é a que afectou ao transporte escolar.

En relación co colapso da mina e restitución da estrada, habilitouse de forma inmediata un desvío provisional á estrada colapsada abríndose ao tráfico o 5 de agosto de 2022. Este desvío provisional está funcionando dende entón correctamente, e unha vez restituído o tráfico comezouse a traballar no proxecto para restitución definitiva do treito afundido de estrada. Un proxecto moi complexo polo delicado estado do terreo tralo afundimento, sendo necesario un moi completo estudo xeotécnicos, e por tratarse dunha zona próxima á Rede Natura 2000.

Para poder decidir a mellor solución estudáronse ata 5 alternativas de trazado, a través de distintos corredores e tipoloxías de restitución. Neste estudo definiuse como alternativa mellor valorada a alternativa 3, correspondente cunha variante de trazado a media ladeira, previa restitución da ladeira colapsada. O 21 de febreiro de 2024 someteuse a información pública o proxecto a efectos de Lei de Estradas e de expropiación, que inclúe o devandito estudo de alternativas.

O proxecto de trazado e a información pública foron aprobados no Consello da Xunta de Galicia de 2 de setembro de 2024, e deuse a orde de expropiación para organizar os actos de levantamento de actas previas e actas de ocupación, así como de redactar o proxecto construtivo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En relación coa obra de "acondicionamento LU-651 entre Folgoso e Seoane, 1ª fase". Un dos obxectivos da Xunta de Galicia en materia de estradas é mellorar a accesibilidade ao rural, para achegar os servizos ás persoas e favorecer unha actividade económica equilibrada no territorio. Por iso, leva a cabo acondicionamentos como o da estrada LU-231 Friol – Palas, o da LU-710 en Baralla ou o desta LU-651 en Folgoso, por só citar algúns exemplos da provincia de Lugo.

Por isto, en primeiro lugar redactou un proxecto de trazado para a mellora integral da estrada LU-651 (Quiroga-Seoane) no tramo de 12 km comprendido entre a saída de Folgoso e Seoane do Courel, cun investimento estimado de 9,6 M€. O proxecto de trazado foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de 30/09/21, e xa está expropiado todo o trazado.

Para facilitar a súa execución licitouse a execución dunha 1ª fase de acondicionamento, entre Ferrería Vella e Seoane, cun investimento de 3,4 M€. A execución desta obra tivo grandes dificultades, produto de tentar compatibilizar a obra coa mobilidade pola estrada do mellor modo posible, realizando prospeccións arqueolóxicas, tramitando diferentes permisos, e afrontando unha realidade xeotécnica moi complexa. Hoxe a obra está moi avanzada en canto á súa execución, sendo xa visibles os novos taboleiros das dúas pontes que se amplían, ademais da sección ampliada da estrada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24064
Data envío: 11/04/2025 15:11:50.209

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:11:49

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11798**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da situación do consumo de alcol e drogas entre a mocidade galega e a eventual posta en marcha dunha nova estratexia para a súa redución"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Sanidade conta na súa carteira de servizos con programas preventivos do consumo de alcol e drogas nos ámbitos educativo, familiar, escolar e laboral. Estes programas lévanse a cabo a través de 46 Unidades de prevención de condutas adictivas subvencionadas pola Consellería de Sanidade. Tamén dispón dunha páxina web para difundir información contrastada e de calidade en relación con estilos de vida saudable, entre os que se encontra a prevención de adiccións. Ademais deseñouse unha experiencia a través de gafas de realidade virtual (Sanidade Mediaverso-Nas túns mans) para complementar e actualizar os programas de prevención do consumo de alcohol.

Ademais, estase a ultimar a tramitación do Proxecto de lei de protección das persoas menores e prevención das condutas adictivas na que se recollen medidas relacionadas coa limitación da publicidade e de prácticas estendidas entre a mocidade como o botellón. Tamén recolle a prohibición da venda e consumo a menores de bebidas enerxéticas que cada vez máis se asocian co consumo das bebidas alcohólicas, así como os vapeadores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2025 17:19:11



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11845**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Mercedes Queixas Zas, dona Iria Carreira Pazos, dona Montserrat Prado Cores e don Daniel Castro García, sobre **“o contido do 6º informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento no Estado español da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias e as medidas previstas polo Goberno galego para abordar a situación nos ámbitos dos servizos sociais e sanitario”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego valora positivamente o cumprimento en xeral da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias no ámbito da Lingua Galega, ao mesmo tempo que ten en consideración as recomendacións do Comité de Expertos. A Xunta segue comprometida en mellorar a promoción e defender o uso da lingua galega en todos os ámbitos, entre eles o sanitario.

Nos últimos catro anos estanse a impulsar varias medidas para fomentar o uso do galego no Servizo Galego de Saúde fomentando a:

- Elaboración de guías e estratexias en galego.
- Formación do persoal a través da ACIS para facilitar a atención en galego nos centros de Saúde e Hospitais.
- Posta en marcha de programas e aplicacións para o usuario en galego.
- O recoñecemento do galego como mérito na normativa que regula a provisión de postos de traballo no eido da Sanidade.
- Colocación dos carteis e proxección de vídeos informativos nos centros en galego.
- Fomento do acceso á información e documentación médica no idioma elixido.

O Goberno Galego, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde veñen colaborando coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para desenvolver xuntos campañas en defensa do galego co fin de aumentar a súa presenza e uso no sistema sanitario, dándolle visibilidade e promovendo que os pacientes poidan recibir atención na súa lingua habitual, se así o desexan.

Entre as iniciativas impulsadas destacan que o Plan de formación do Servizo Galego de Saúde para o ano 2025 inclúe cursos de lingua galega orientados a mellorar a atención dos pacientes galegofalantes. Son cursos de autoformación que reforzan o coñecemento do léxico sanitario en galego e fomentan a interacción coas persoas galegofalantes”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2025 17:18:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24153
Data envío: 14/04/2025 17:18:50.695

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11990**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego do acordo acadado na Mesa de Diálogo Social de Seguridade Social para que as mutuas sexan as encargadas das probas e tratamentos sanitarios das persoas en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Sanidade comparte a necesidade de optimizar a atención aos traballadores en situación de incapacidade temporal, axilizando a atención sanitaria, intensificando o seguimento e fomentando a recuperación da súa saúde, ao tempo que se reducen os trámites e a burocracia que teñen que realizar tanto os pacientes como os profesionais sanitarios. Nese sentido, a Consellería de Sanidade mantén un acordo de colaboración coas mutuas para a realización de probas, manténdose, en todo caso, a asistencia sanitaria (diagnóstico, tratamento, etc.) sempre no Servizo Galego de Saúde.

A Consellería de Sanidade está a reforzar o seguimento e control dos procesos de incapacidade temporal. Os resultados dese traballo traduciuse na citación presencial, entre xuño e decembro de 2024, pola Inspección de Servizos Sanitarios, de 20.254 persoas en situación de baixa. Desas persoas, nun total de 13.687, é dicir, no 67,5% dos casos analizados, detectouse que esa baixa médica non estaba xustificada e recibiron a alta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24062
Data envío: 11/04/2025 15:11:37.084

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:11:36

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12149**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"os fondos que a Xunta de Galicia recibiu do Goberno central destinados á formación continua de profesionais sanitarios, as accións levadas a cabo con eles e as súas previsións de financiamento propio nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de realizou un total de 475 cursos nos que participaron 15.516 profesionais únicos (con 37.014 certificados emitidos). Este Plan non levaba asociado ningún cofinanciamento, senón que eses cursos se financian integramente cos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Non obstante, dende a Axencia galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) leváronse a cabo outras accións en formación de persoal e para cidadáns con dotación orzamentaria (adicional ao financiamento de fondos MRR), acadando esta os 882.883 euros no ano 2023. Para o ano 2025, o orzamento de formación complementaria será financiado ao 100 % por Orzamentos da Xunta e superará os 900.000 euros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 9:54:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 09:54:49
Nº Rexistro: 24162
Data envío: 15/04/2025 09:54:49.958

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12206**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Montserrat Prado Cores e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **“a cobertura por parte do Sergas dunha praza de facultativo no Centro de Saúde de Ribeira de Piquín e a situación da asistencia sanitaria neste concello”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A praza do centro de saúde de Ribeira de Piquín foi ofertada, tanto en concurso oposición (quedando vacante) como en chamamentos de interinidade aos facultativos (sen éxito).

Actualmente existe consulta no centro de saúde de Ribeira de Piquín os luns, mércores e venres, dando cobertura completa á poboación (hai 451 tarxetas sanitarias no municipio) co mesmo facultativo e sen ocasionar demora. Os martes e xoves o centro de referencia é o centro de saúde de Meira.

O Servizo Galego de Saúde continuará ofertando esa praza nos seguintes concursos ao obxecto de acadar a súa cobertura, tendo en conta o déficit de profesionais que afecta a todo o sistema nacional de saúde. Ante esta situación de falta de facultativos a Xunta vén reclamándolle ao Goberno central, que é quen ten a responsabilidade, que poña enriba da mesa solucións para poder dispoñer de médicos que as comunidades poidan contratar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 10:04:32



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12218**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a incidencia das patoloxías cardíacas na área sanitaria da Coruña e Cee e na de Ferrol e o criterio que ten a Xunta de Galicia que leva a non dotar os seus hospitais de servizos de rehabilitación cardíaca"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A posta en marcha de novas unidades asistenciais como a de rehabilitación cardíaca requiren dunha completa planificación que teña en conta os espazos dispoñibles. Concretamente, o proxecto do Novo CHUAC contempla a creación do servizo de rehabilitación cardíaca; e o plan Director do Hospital de Ferrol prevé ampliar a atención en cardioloxía con estes servizos. Con todo, cómpre remarcar que os pacientes son atendidos nos seus hospitais polos seus cardiólogos habituais, que lle dan recomendacións para a rehabilitación cardíaca. Non é certo que se deriven os pacientes a Santiago ou Lugo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 10:04:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 10:04:19
Nº Rexistro: 24167
Data envío: 15/04/2025 10:04:19.405

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12245**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a situación do Centro de Saúde de Laza derivada da falta de persoal médico a tempo completo e as previsións que ten a Xunta de Galicia en canto á resolución desta carencia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O centro de saúde de Laza conta cun facultativo, que ten solicitado un permiso de redución de xornada.

Tendo en conta o dereito do traballador a ese permiso, a Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras procedeu a reorganizar o servizo para garantir a asistencia médica contando co médico de familia de Laza, unha médico FEAP con destino en Verín-Laza e reforzando con outros profesionais cando fose necesario.

Ante a falta de facultativos que afecta ao conxunto do sistema nacional de saúde, a Xunta vén reclamándolle ao Goberno central, que é quen ten a responsabilidade, que poña enriba da mesa solucións para poder dispoñer de médicos que as comunidades poidan contratar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 10:06:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 10:06:14
Nº Rexistro: 24177
Data envío: 15/04/2025 10:06:14.904

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12378**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, don Secundino Fernández Fernández e dona Montserrat Valcárcel Armesto sobre **“as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da elaboración e aprobación de instrumentos de ordenación do territorio e da planificación en materia de solos agropecuarios e forestais”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural** que foi remitida a esta Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias en data 04/12/2024 pero non foi enviada ó Parlamento de Galicia por un erro administrativo, o contido da devandita resposta é o seguinte:

“Segundo o PFG, os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) deben elaborarse durante o período comprendido entre 2026 e 2030. A planificación establece un proxecto piloto inicial para definir o modelo de referencia dos plans. Antes de iniciar a elaboración dos PORF, é preciso coñecer o estado dos recursos forestais a través do Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG), cuxos resultados son fundamentais para guiar os traballos de elaboración dos plans. Polo tanto, a Xunta esta na fase da súa elaboración, centrada en recompilar a información necesaria a través do IFCG.

O método de traballo descrito no PFG para a elaboración dos PORF inclúe un enfoque comarcal na que Galicia se agrupa en tres categorías principais (Eixo Atlántico, comarcas do interior e zonas de montaña). Este proceso implicará directrices específicas garantindo que os PORF sirvan de referencia técnica para a xestión dos espazos e recursos forestais.

A Xunta creou un panel de control público (dashboard) que mostra os indicadores clave de desempeño (KPI) de forma visual e accesible a través do seguinte portal <https://indicadores-forestal.xunta.gal/portal-bi-internet/dashboard/Dashboard.action> como seguimento do PFG. Ademais ao terminar o primeiro quinquenio realizarase un informe cos indicadores quinquenais de seguimento, coas súas métricas e datos fundamentais para facer un seguimento do estado de execución e consecución dos mesmos”.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
14/04/2025 17:57:49



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24161
Data envío: 14/04/2025 17:57:57.758

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2025 17:57:57

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13173**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A asistencia sanitaria no municipio de Trabada está garantida con facultativos para 1.001 tarxetas. Non se amortizou ningunha praza. O facultativo do centro de saúde de Trabada continúa a súa actividade habitual coa cobertura dun cupo de 570 e outro de 431".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 10:05:56
Nº Rexistro: 24174
Data envío: 15/04/2025 10:05:56.342

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 10:05:56

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13801**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Ramón Fernández Alfonzo e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **“o estado de tramitación, aspectos fundamentais e o cronograma previsto dos principais proxectos industriais e enerxéticos anunciados para o concello das Pontes”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, en canto a cal é o estado de tramitación do proxecto de produción de hidróxeno renovable H2Pole, promovido por H2Pole S.L. sinálase que foi declarado proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta o 08.09.2022.

Trala presentación, por parte da empresa promotora, da documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, o 03.04.2023 publícase no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto H2Pole. Paralelamente a esta tramitación, e de conformidade co artigo 80.4 do Decreto Legislativo, solicitouse o informe dos órganos sectoriais afectados.

O 26.10.2023 e o 02.10.2024 publícanse a declaración de impacto ambiental e a autorización ambiental integrada, respectivamente.

Segundo o establecido no artigo 80.5 do dito texto refundido, a persoa titular da consellaría competente por razón da materia, logo do informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, elevará o expediente ao Consello da Xunta, que decidirá se procede a aprobación do proxecto industrial estratéxico.

Polo tanto, neste momento é preciso someter o proxecto ao informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para o cal o promotor debe presentar un proxecto de execución no que se inclúa unha memoria coas características técnicas detalladas que permitan a obtención do dito informe, así como a posterior aprobación do proxecto por parte do Consello da Xunta de Galicia.

A previsión temporal dos ditos fitos depende da achega da documentación precisa por parte do promotor.

En segundo lugar, sobre o estado de tramitación do proxecto de instalación dunha fábrica de pneumáticos radiais de alto rendemento, promovido por Sentury Tire Spain SLU, indícase que foi declarado proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta o 06.10.2022.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Trala presentación, por parte da empresa promotora, da documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, o 04.04.2023 publícase no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto denominado Fábrica de pneumáticos Sentury. Paralelamente a esta tramitación, e de conformidade co artigo 80.4 do Decreto Legislativo, solicitouse o informe dos órganos sectoriais afectados.

O 26.10.2023 publícase a declaración de impacto ambiental e está pendente a autorización ambiental integrada xa que foron realizados varios requirimentos ao promotor.

Co fin de continuar a tramitación do expediente, e tras varias solicitudes de emenda, o 28.06.2024 remitiuse o último requirimento ao promotor, co fin de que realizase unha serie de modificacións no proxecto e completase documentación técnica necesaria para obter a autorización ambiental integrada do proxecto. Non consta que, a día de hoxe, que o promotor teña respondido a este requirimento.

Polo tanto, o cronograma previsto para os próximos fitos depende da achega da documentación requirida por parte do promotor, para, a continuación, proceder á aprobación da autorización ambiental integrada, obtención do preceptivo informe da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo e, por último, a aprobación polo Consello da Xunta.

Tal e como se constata, a demora por parte do promotor na presentación da documentación requirida é o que provocou que este procedemento non estea finalizado a día de hoxe.

En terceiro lugar, sobre o estado de tramitación do proxecto dunha planta de biofibra reciclada branqueada promovido por Ence Energía y Celulosa S.A., apúntase que foi declarado proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta o 15.06.2023.

Trala presentación, por parte da empresa promotora, da documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, o 20.02.2024 publícase no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha planta de biofibra reciclada branqueada. Paralelamente, o 20.02.2024, solicitáronse os informes previstos no artigo 80.4 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

O 10/04/2025 remitiuse o expediente á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, co fin de continuar a tramitación prevista no dito texto refundido.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Unha vez finalice a tramitación ambiental, continuarase o procedemento, segundo o establecido no artigo 80 do dito texto refundido, é dicir, petición de informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e a posterior aprobación do proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta, de ser o caso.

En cuarto lugar, en canto ao proxecto de instalación de produción de hidróxeno e amoníaco verde, este foi declarado Iniciativa Empresarial Prioritaria o 03.08.2023. A declaración dun proxecto como iniciativa empresarial prioritaria supoñía unha redución de prazos e o carácter prioritario á realización dos trámites no seo dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, pero non presupón o resultado final da tramitación ambiental do dito proxecto, que será a que determine se o proxecto é viable desde o punto de vista ambiental e, polo tanto, se pode ser executado.

Por outro lado, indícase que o lago das Pontes conta actualmente con dous procedementos en curso de outorgamento dunha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidráulico de enerxía, que están a ser tramitados, de acordo coa normativa vixente.

En canto, a petición de información sobre o proxecto de acuicultura para o lago das Pontes, indícase que non consta a tramitación formal de ningunha planta de acuicultura.

Finalmente, en relación á información relativa aos proxectos industriais que se atopan en tramitación na zona das Pontes, cómpre salientar que, tal e como establece a normativa vixente, a maior parte dos fitos da dita tramitación publícanse no Diario Oficial de Galicia e, adicionalmente, a Consellería de Economía e Industria informa periodicamente ás asociacións empresariais e organizacións sindicais da zona, especialmente cando se producen incidencias ou feitos salientables en relación aos ditos proxectos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 10:05:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 10:05:43
Nº Rexistro: 24172
Data envío: 15/04/2025 10:05:43.686

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14244**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, don Julio Ernesto Abalde Alonso e dona Silvia Longueira Castro, sobre **“as previsións do Goberno galego en relación coa dotación de persoal do Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 14242 e debatida na Comisión 4ª, Educación e Cultura, o 12 de Decembro de 2024; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDFIN2lwN2ltMjBiYi00ZjA3LTg4YmEtYzclMDhhOTY5Nzky&start=11420>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:19:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24072
Data envío: 11/04/2025 15:19:03.081

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14396**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros deputados, sobre **"as razóns da exclusión da AG-55 (A Coruña-Carballo) das autovías galegas que a Xunta de Galicia vai rescatar en 2025 e o impacto económico que isto supón para as comarcas de Bergantiños e da Costa da morte"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Un dos obxectivos do Goberno galego é avanzar no artellamento do territorio para acadar unha Galicia cada vez máis comunicada e sostible. Neste obxectivo enmárcanse os seus investimentos en materia de estradas, orientados a seguir incorporando progresivamente novos quilómetros de vías de altas prestacións ao tempo que se destinan orzamentos para o mantemento da rede actual de estradas autonómicas.

Cómpre indicar que o Goberno galego avanzou ao longo destes anos nunha infraestrutura comprometida polo anterior goberno, que recorrera á colaboración público – privada para a súa materialización pero na que non foron quen de avanzar. Foi posteriormente, e na época de menores recursos orzamentarios pola priorización do gasto social na época da crise económica cando se materializou o tramo entre e Carballo e Baio e a variante de Baio. Estes 28 quilómetros (25,41 de autovía e 2,04 de corredor) que comunica os concellos de Carballo (no que conecta coa AG-55), Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo (ata Santa Irena), un vial que supuxo unha mellora substancial, en tempo e seguridade, para os seus usuarios.

Ao respecto dos detalles do proxecto e as perspectivas para a continuidade das obras, cómpre remitirse á intervención do Director da Axencia Galega de Infraestruturas na súa resposta á pregunta oral 7310 na Comisión 3ª do 4 de outubro de 2024.

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmQ1MWM2YjltNDI1Yi00NjhlLWFINDktODc2NmFkYjlmMmMz&start=18>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24071
Data envío: 11/04/2025 15:18:57.472

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:18:57

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14614**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García, don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **“as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da finalización da senda peonil Vilaúde-O Reirado, entre os concellos de Alfoz e do Valadouro, e as razóns de que esta infraestrutura non estea xa rematada”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta remitida o pasado 10 de febreiro de 2025 á pregunta 14612, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, e con contido coincidente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:18:51



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 15152**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **“as condicións de seguridade viaria en que está a estrada PO-404 ao seu paso polo concello de Tui, as razóns do Goberno galego para non ter respondido ás peticións do Concello de Tui neste asunto e as previsións ao respecto”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta xa achegada á pregunta 15150 convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, pola coincidencia no seu contido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:18:45

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 15369**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, don Luis Bará Torres e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“as previsións que ten a Xunta de Galicia ante a eventual elaboración dun proxecto de mellora das condicións de seguridade viaria e peonil da estrada PO-252 entre Mondariz e Moscoso, en Pazos de Borbén”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A estrada PO-252 ten unha lonxitude de 13,75 quilómetros, iniciándose na PO-254 en Mondariz, e rematando na PO-250 en Moscoso(Pazos de Borbén).

O tráfico rexistrado no ano 2023 foi de 421 vehículos ao día. Por poñelo en contexto, a media do tráfico rexistrado nos 1.279,23 quilómetros de estradas autonómicas da provincia de Pontevedra no ano 2023 foi de 4.721 vehículos ao día.

Na estrada PO-252 non se rexistra ningún treito de concentración de accidentes, e tampouco se identifica ningún treito de alto potencial de mellora, de acordo coas estatísticas de sinistralidade da Dirección Xeral de Tráfico.

Ademais da conservación ordinaria, nos últimos anos realizáronse investimentos en mellora do firme e mellora da drenaxe, ademais dunha rectificación do trazado entre os puntos quilométricos 2+100 o 2+580 e varios treitos de beirarrúas e senda.

Estanse a valorar, xunto concello de Mondariz, posibilidades para mellora da funcionalidade e seguridade da estrada no treito ata a área recreativa e a praia fluvial do Val, un treito moi complexo pola configuración física da estrada e da propia ponte”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:18:37



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8288**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **“as previsións que ten a Xunta de Galicia no relativo ás actuacións para a preservación da calidade das augas na ría de Arousa”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

“Augas de Galicia desenvolve a través do Programa de Control de Vertidos (en adiante, PCV) un intenso labor de control e mellora sobre todos os puntos de vertidos existentes dentro do ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, prestando especial atención a aqueles puntos que verten sobre as rías. En concreto, no contexto da Ría de Arousa leváronse a cabo desde o ano 2007 máis de 3.000 inspeccións en puntos de vertido directos á ría de Arousa.

O número total de vertidos inventariados na ría de Arousa incrementouse neste ano 2025 respecto aos datos do ano 2020 como consecuencia dos labores de inspección en campo levadas a cabo polo persoal técnico do PCV. Esta evolución debe considerarse como moi positiva, posto que a tendencia é á diminución dos puntos de vertido prioritarios ou contaminantes.

Polo tanto, desde o PCV dáselle unha maior prioridade, se cabe, á eliminación dos vertidos contaminantes existentes na actualidade na ría de Arousa e noutras rías da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa e realizaranse labores detallados de inspeccións e seguimentos dos vertidos autorizados, así como un control analítico daqueles puntos que, non sendo obxecto de autorización administrativa, poderían presentar incumprimentos por verteduras de carácter puntual.

Polo tanto, o PCV é unha ferramenta que demostra ser útil e efectiva no control e emenda dos vertidos de carácter prioritario, ben sexan contaminantes ou de investigación, nas rías da demarcación, garantindo a protección e mellora da calidade das rías galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 13:57:06



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9612**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a postura e o criterio que mantén a Xunta de Galicia ante a vixente Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Dende a entrada en vigor da Lei 01/2023, do 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno galego está a traballar para garantir a súa aplicación.

Existe información publicamente accesible dende a páxina web do Servizo Galego de Saúde sobre o proceso, normativa e condicións para interromper voluntariamente o embarazo, así como un listado de centros de orientación familiar onde poder obter asesoramento persoal sobre como proceder nunha interrupción voluntaria do embarazo.

Adoptáronse as medidas necesarias nas áreas sanitarias para garantir que a maioría das interrupcións puideran realizarse no ámbito público seguindo os criterios de gratuidade, accesibilidade e proximidade. Deste xeito posibilitouse un aumento progresivo das intervencións en centros públicos.

Na actualidade, a maioría das interrupcións voluntarias do embarazo son asumidas na práctica totalidade no ámbito público, agás en casos excepcionais que son derivados a centros concertados por cuestións organizativas puntuais ou por peticións expresas da propia paciente. Así, nos últimos anos rexistrouse un aumento progresivo das intervencións en centros públicos: no primeiro semestre de 2024 o 93 % das interrupcións voluntarias do embarazo realizáronse nos centros públicos, o que mostra unha consolidación da asistencia pública nesta área".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 14:52:12



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9926**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia no ámbito da seguridade laboral vencellada á transición dixital, demográfica e ecolóxica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta cunha estratexia consensuada por todos os axentes sociais, denominada Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, que se concreta, principalmente, nos plans anuais de actuación do ISSGA, que tamén contan coa participación activa e o consenso das interlocutores sociais.

Dita estratexia, respecto aos novos escenarios derivados das transicións dixital, demográfica e ecolóxica, contempla medidas para xerar coñecemento técnico para a prevención dos novos riscos e avanzar cara unha protección eficaz a través dunha adecuada xestión dos riscos derivados da nova realidade laboral, incidindo especialmente na prevención dos riscos psicosociais e ergonómicos e abordando temáticas como a xestión da idade, o teletraballo, a desconexión dixital ou os riscos derivados dos cambios ambientais, entre outros.

En concreto, no plan de actuación do ISSGA 2025, recóllense, entre outras, as seguintes actuacións:

- Actuacións no marco do Laboratorio de riscos psicosociais, que foi creado no ano 2024 xunta coa Universidade de Santiago de Compostela como un espazo de traballo especializado na investigación, desenvolvemento e innovación sobre diferentes aspectos relativos á prevención de riscos laborais na procura de mellorar a saúde psicosocial das persoas traballadoras nas organizacións galegas.
- Difusión da Guía Camiñando, desde a prevención ao benestar laboral: riscos psicosociais e saúde no traballo.
- Campañas sobre medidas no teletraballo, uso seguro de dispositivos móbiles, dixitalización e xestión da idade.
- Impulso de programas de promoción da saúde nas pemes mediante a Guía de claves ISSGA: Saúde integral e benestar laboral, para incidir nun traballo que tenda ao benestar físico e emocional e que sexa a base para a creación de empresas seguras e saudables.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- Campaña sobre recomendacións preventivas contra a caída de altura na colocación e mantemento de paneis solares en cuberta.
- Campaña sobre traballo e calor para dar a coñecer os riscos e as medidas preventivas fronte ás elevadas temperaturas.

A integración da perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais (PRL) é un principio fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e a protección da seguridade e saúde no traballo. Esta integración non só é un imperativo ético e legal, senón tamén unha estratexia efectiva para mellorar a seguridade e saúde laboral, debido á evidencia crecente de que os riscos laborais e as patoloxías causadas por eles afectan de maneira desigual aos homes e ás mulleres.

Entre as funcións do ISSGA, está a de promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, co obxecto de detectar e de prever as posibles situacións en que os danos derivados do traballo, poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras. Tamén conta cunha Comisión para a integración da igualdade nas políticas de PRL coa participación dos interlocutores sociais.

Destacar tamén todas aquelas campañas dirixidas á protección da maternidade no ámbito laboral e as actuacións prioritarias de información e formación en actividades altamente feminizadas, como poder ser as redeiras e mariscadoras, ás que se lles presta axuda continua para a correcta identificación das enfermidades profesionais relacionadas coa profesión, así como as coidadoras de persoas con dependencia, con formación teórico-práctica sobre técnicas de mobilización de pacientes e sobre a prevención dos riscos biolóxicos e psicosociais, entre outros.

A estratexia mencionada con anterioridade foi o resultado do traballo conxunto das organizacións sindicais e empresarial de Galicia que, presentado como documento inicial un borrador encargado ao ISSGA, foi obxecto das achegas e as melloras que deron cun marco estratéxico consensuado por todos os actores laborais de Galicia, considerándoa non só unha estratexia da Xunta de Galicia, senón un documento de todas as organizacións con representatividade das persoas traballadoras e das empresas.

O Goberno galego xa ten dita estratexia como instrumento, a medio prazo, que ordena e contempla seis obxectivos estratéxicos, seis principios informadores que desenvolve a través de liñas de acción e medidas. Esta estratexia logrou un consenso unánime e estase a traballar conxuntamente para a súa execución, principalmente, a través dos plans anuais do ISSGA que tamén se someten a consideración dos axentes sociais.

En canto aos criterios de selección dos sectores ou actividades produtivas para actuar por parte do ISSGA, destácanse os seguintes: o elevado risco, a alta sinistralidade, a importancia e tradición no noso tecido empresarial e a cantidade de xente ocupada.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Todos os sectores mencionados na iniciativa intégranse, polo tanto, no plan de actuación do ISSGA con campañas específicas. Débese lembrar que tamén hai campañas específicas por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) que, en moitos casos, se desenvolven conxuntamente con persoal técnico do ISSGA.

Algúns exemplos de campañas para este ano 2025 son os seguintes:

- Campaña para a redución dos accidentes por caída de altura en construción e industria.
- Prevención fronte ao esmagamento e cortes nas mans por maquinaria.
- Prevencións de riscos na escada.
- Prevención de riscos laborais no transporte.
- Usos dos EPI no posto de traballo no sector forestal.
- Condicións de seguridade dos equipos de traballo, utilización de medios de salvamento e de equipos de protección individual.

Ademais, e tal e como apuntan, cómpre destacar o afán do Goberno galego levando esta materia ao seo do DSG, sendo un dos aspectos tratados nas xuntanzas deste organismo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 14:53:54

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9938**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para incidir no problema das taxas de actividade no mercado laboral galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Galicia ten na actualidade 1.262.800 persoas activas (EPA 4.º trimestre), 11.900 máis que no mesmo período do ano pasado, o que representa un incremento porcentual do 0,95%, mentres que en España sobre a poboación activa, anualmente, nun 0,84%, o que representa un ritmo de ascenso inferior ao galego.

A taxa de actividade (16 ou máis anos) sobe na variación anual en Galicia en 0,19 puntos (ata o 53,09%), mentres que no conxunto do Estado cae en 0,34 puntos (acada o 58,49%). Se nos referimos á taxa de actividade da poboación en idade laboral, de 16 a 64 anos, esta elévase en Galicia no 4.º trimestre de 2024 ata o 74,16%, subindo en 0,22 puntos no último ano, supoñendo o nivel máis alto para un 4.º trimestre de toda a serie histórica (2002). En España, a taxa de 16 a 64 anos baixo, no último ano, en 0,31 puntos, situándose no 75,56%.

O paro en Galicia diminúe no último ano en 5.500 persoas (-4,79%) ata os 109.400 parados, a taxa de paro sitúase no 8,67%, a case dous puntos por debaixo do Estado (10,61%). No caso das mulleres, a taxa é do 9,81%, inferior en dous puntos ao Estado (11,83%) e, no caso dos menores de 25 anos, a taxa tamén se sitúa a un menor nivel que a de España, 0,87 puntos por debaixo (24,03% fronte ao 24,9%).

No tocante á ocupación, Galicia incrementa o número de ocupados no último ano en 17.400 persoas. Cabe sinalar que a taxa de emprego galega da poboación de 16 a 64 anos no 4.º trimestre de 2024 (67,65%), sitúase por riba do Estado (67,49%) en 0,16 puntos.

En canto á análise por sectores:

O SECTOR INDUSTRIAL é o que máis ascende na ocupación interanual en Galicia, cunha subida de 15.800 ocupados (9,08%). No Estado, gaña 55.300 traballadores e traballadoras (1,93%), o que significa que o ritmo de incremento da industria galega é máis de 7 puntos superior ao estatal. O peso do sector industrial en Galicia (16,46%) resulta superior ao peso reflectido no conxunto estatal (13,36%) en máis de tres puntos. A CONSTRUCCIÓN aumenta ocupación interanual, rexistra 5.200 novos ocupados (un 6,74% máis), un ritmo superior ao do Estado (3,12%), mentes que os SERVICIOS aumentan en 1.300 persoas (0,16%).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Os asalariados INDEFINIDOS medran con respecto ao ano pasado. En concreto, en 28.600 persoas, un 3,72%. Galicia acada unha cifra de 797.400 asalariados indefinidos, supoñendo o maior número de indefinidos rexistrados desde o inicio da serie histórica (2002). Aumentan os ocupados a XORNADA COMPLETA en 15.900 persoas (1,63%) a un ritmo superior que no Estado (1,57%).

O número de FOGARES CON TODOS OS ACTIVOS PARADOS descenden en 5.600 (un 12,02% menos). Con este descenso, situámonos en 41.000. Galicia, no que respecta aos fogares con todos os activos parados, conta cunha proporción menor deste tipo de fogares, así, mentres na nosa comunidade supoñen o 3,64%, no conxunto estatal, esta porcentaxe é do 4,25%. Pola súa parte, os FOGARES CON TODOS OS ACTIVOS OCUPADOS tamén rexistraron unha evolución positiva, aumentaron no último ano en 8.200 (un 1,24% máis), situando a cifra destes fogares en 668.100.

No tocante ao PARO DE LONGA DURACIÓN, Galicia conta cunha taxa menor que o Estado. Así, a taxa de paro situouse no 3,1% no pasado ano 2024, mentres que en España acada o 3,8%.

En relación ás medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coa actividade na nosa Comunidade Autónoma, pódense mencionar as seguintes:

• **Por parte da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.**

A *Estratexia Mocidade Activa* está encamiñada a impulsar o emprego xuvenil en Galicia.

Ademais, este ano 2025 impulsaranse as seguintes:

- *Programa primeira experiencia profesional das persoas mozas.*
- *Galicia Emprega Moz@s.*
- *Programa Investigo.*
- *Programa Cooperas.*
- *Programa de apoio ao emprendemento a través do talento novo.*

Así mesmo, continuaremos avanzando no fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, con medidas tales como:

- *Axudas á contratación de mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas e o Galicia Emprega Mulleres.*
- *Achegas destinadas a empresas para favorecer a conciliación en materia d igualdade laboral.*
- *Plataforma virtual Igual Campus.*
- *Medidas contra a fenda salarial.*

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



• **Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.**

En canto ao apoio ao traballo autónomo e ao emprendemento, existen as seguintes medidas:

- *Programa de promoción do emprego autónomo e cota cero.*
- *Bono autónomo.*
- *Programa Nova Oportunidade.*
- *Bono Remuda xeracional de negocios.*
- *Axudas para a conciliación das persoas autónomas.*

Todas elas están enmarcadas na **Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027**. Ademais, ás axudas que conforman ese paquete único, hai que engadir outras tantas que se dirixen a potenciar a actividade por conta propia.

No seo da Estratexia Horizonte Autónomo 2027, apoiarase ás persoas autónomas na contratación de traballadores e traballadoras por conta allea.

Tamén está o fomento do asociacionismo de persoas autónomas e programas de mentoría para contribuír á sustentabilidade social empresarial e á mellora da competitividade das persoas autónomas de Galicia.

Por suposto, seguirase incentivando a actividade emprendedora en xeral a través da Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego que actualmente conta coa totalidade dos seus 15 centros activos.

Ao seu abeiro, continuamos co compromiso existente co rural, sobre todo, no eido do impulso de vivendas comunitarias para atraer traballadores e traballadoras de alta cualificación.

Neste sentido, son máis as iniciativas activas en favor do desenvolvemento rural, polo que apoiamos ás entidades locais para fomentar o emprego e o emprendemento neste eido.

Neste contexto, cómpre ter en conta as axudas ao emprendemento, en concepto de favorecer, por todas as canles posibles, a actividade emprendedora.

Cómpre destacar a activación do Centro de Orientación ao Emprendemento.

Ademais, contamos con actuacións encamiñadas a favorecer o eido da Economía Social e do cooperativismo na nosa comunidade.

Nesta liña, cómpre sinalar o programa *Galicia Emprega Discapacidade* para fomentar a contratación, ademais do impulso da responsabilidade social empresarial (RSE).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



• **Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.**

En canto aos demandantes activos de emprego, a nosa aposta para este colectivo é potenciar a súa empregabilidade. Podemos atopar as seguintes medidas:

- *Modernización e dixitalización do Servizo Público de Emprego.*
- *Ferramenta Emi.*
- *Microformacións para favorecer a empregabilidade.*
- *Accións formativas a demanda do tecido produtivo galego e dirixidas a persoas traballadoras ocupadas.*
- *Bonos Talento Empresa.*
- *Formación de persoas desempregadas.*
- *Achegas en materia de formación e inserción profesional.*
- *Accións formativas que favorezan a reciclaxe profesional e a formación en novas habilidades”.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 14:53:48



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 10393**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **“a forma en que vai afrontar o Goberno galego a falta de pediatras en Monforte de Lemos e no resto da provincia”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As prazas de Pediatría vacantes no Hospital de Monforte ofertáronse de forma continuada en todas as convocatorias e chamamentos. De feito, na convocatoria de prazas de difícil cobertura cubriuse 1 praza.

A actividade asistencial programada como atención continuada no Hospital de Monforte estase a cubrir de forma continua, desprazando pediatras do HULA ou outro hospital do Servizo Galego de Saúde sempre que é preciso para garantir a cobertura”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 14:59:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24049
Data envío: 11/04/2025 14:59:32.666

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 10600**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, don Luis Bará Torres e dona Iria Carreira Pazos, sobre **“o significado do acordo marco asinado polo Goberno galego cos hospitais privados da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés en canto ao modelo de sanidade pública que se defende”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 10599, formulada no marco da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o 24 de outubro de 2024. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/T6RJ8B3Shz26gX2hyRt9jtDUWXw9WCu8z4YQjA4JMQPXlFLd>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:02:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24060
Data envío: 11/04/2025 15:02:32.681

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 10829**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, dona Montserrat Prado Cores, dona Iria Carreira Pazos e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a eventual creación na Estrada dun centro público de diálise"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde en resposta á pregunta oral con número de rexistro 10828, formulada no marco da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada 12 de decembro de 2024. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/wiKh1kG4EpOUNoLy7U2dzMmman2CD6OMsCVw38Gbbjjoknhl>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:02:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24059
Data envío: 11/04/2025 15:02:26.681

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 11010**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"o número de pacientes e os tempos medios e máximos de demora das listaxes de espera non estruturais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Ministerio de Sanidade é o departamento encargado de normalizar o sistema de listas de espera e de facer público por cohesión do sistema nacional de saúde das listaxes de todas as comunidades autónomas para poder compararse entre si. A Consellería de Sanidade cumpre escrupulosamente coa normativa establecida e publica a información correspondente, consonte establece o real decreto 605/2003, de 23 de maio, polo que se establecen as medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listaxes de espera no sistema nacional de saúde.

Ademais, nun exercicio de transparencia, antes da publicación dos datos correspondentes ao segundo semestre de 2024 por parte do Ministerio, a Consellería de Sanidade ofreceu un conxunto de roldas de prensa o pasado 7 de marzo para informar deses datos, tanto a nivel da media de Galicia, como en cada unha das áreas sanitarias. Esa información é pública e pode consultarse na páxina web da Consellería de Sanidade.

En 2024 a sanidade pública superou por primeira vez a barreira das 200.000 operacións cirúrxicas nun ano, cun aumento de actividade do 5,6 %, 10.865 intervencións máis.

Aumentou tamén un 10,7 % a cirurxía de prioridades 1 e baixou o tempo de espera en 3,5 días.

Galicia conta cos tempos medios de espera dos máis baixos do Estado. As porcentaxes de pacientes que agardan máis de 6 meses para operarse e máis de 60 días para a consulta son en Galicia máis dun 20 % inferiores á media nacional.

O Servizo Galego de Saúde tamén fixo en 2024 máis consultas de especialista e con menos pacientes agardando: incrementáronse as consultas nun 2,7 % e reduciuse nun 7,5 % o número de pacientes pendentes, baixando en 12,5 días o tempo de acceso".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:01:56



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 11109**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, dona Noa Presas Bergantiños e dona Iria Carreira Pazos, sobre **“a estratexia que ten a Xunta de Galicia para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende a entrada en vigor da Lei 01/2023, do 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno galego está a traballar para garantir a súa aplicación.

Existe información publicamente accesible dende a páxina web do SERGAS sobre o proceso, normativa e condicións para interromper voluntariamente o embarazo, así como un listado de centros COF onde poder obter asesoramento persoal sobre como proceder nunha interrupción voluntaria do embarazo.

Adoptáronse as medidas necesarias nas áreas sanitarias para garantir que a maioría das interrupcións puideran realizarse no ámbito público seguindo os criterios de gratuidade, accesibilidade e proximidade. Deste xeito posibilitouse un aumento progresivo das intervencións en centros públicos.

Na actualidade, a maioría das interrupcións voluntarias do embarazo son asumidas na práctica totalidade no ámbito público, agás en casos excepcionais que son derivados a centros concertados por cuestións organizativas puntuais ou por peticións expresas da propia paciente. Así, nos últimos anos rexistrouse un aumento progresivo das intervencións en centros públicos: no primeiro semestre de 2024 o 93% das interrupcións voluntarias do embarazo realizáronse nos centros públicos, o que mostra unha consolidación da asistencia pública nesta área.

Así mesmo, o Goberno galego aprobou en novembro de 2024 o Plan de reprodución humana asistida, coa carteira de servizos máis ampla do estado, facendo posible: que as mulleres con patoloxías diferentes ao cancro, como a endometriose, poidan conxelar os seus ovocitos no Servizo Galego de Saúde; que as mulleres de 30 a 35 anos que queiran postergar a súa maternidade, poidan conxelar os ovocitos no Servizo Galego de Saúde; e que a idade máxima para someterse a tratamentos de fertilidade no Servizo Galego de Saúde se eleve ata os 45 anos”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2025 14:42:00

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 11137**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e dona Montserrat Prado Cores, sobre **“as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir en Galicia o acceso de toda a poboación ao servizo de hospitalización a domicilio (Hado)”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Galego de Hospitalización a Domicilio aprobouse no ano 2019 cunha dotación orzamentaria de máis de 2,5 millóns de euros. Grazas a este Plan, o número de pacientes atendidos en hospitalización a domicilio incrementouse un 19 % con respecto a 2018.

A última enquisa de satisfacción sobre a calidade do servizo e o trato que están a recibir os pacientes pon de manifesto que un 98,03 % dos pacientes enquisados consideran a asistencia de hospitalización a domicilio como boa, moi boa ou excelente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/04/2025 17:16:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24151
Data envío: 14/04/2025 17:16:08.696

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

"A Consellería de Sanidade comparte a necesidade de optimizar a atención aos traballadores en situación de incapacidade temporal, axilizando a atención sanitaria, intensificando o seguimento e fomentando a recuperación da súa saúde, ao tempo que se reducen os trámites e a burocracia que teñen que realizar tanto os pacientes como os profesionais sanitarios. Nese sentido, a Consellería de Sanidade mantén un acordo de colaboración coas mutuas para a realización de probas, manténdose, en todo caso, a asistencia sanitaria (diagnóstico, tratamento, etc.) sempre no Servizo Galego de Saúde.

A Consellería de Sanidade está a reforzar o seguimento e control dos procesos de incapacidade temporal. Os resultados dese traballo traduciuse na citación presencial, entre xuño e decembro de 2024, pola Inspección de Servizos Sanitarios, de 20.254 persoas en situación de baixa. Desas persoas, nun total de 13.687, é dicir, no 67,5% dos casos analizados, detectouse que esa baixa médica non estaba xustificada e recibiron a alta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:11:42



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12147**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **“os fondos que a Xunta de Galicia recibiu do Goberno central destinados á formación continua de profesionais sanitarios, as accións levadas a cabo con eles e as súas previsións de financiamento propio nesta materia”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de realizou un total de 475 cursos nos que participaron 15.516 profesionais únicos (con 37.014 certificados emitidos). Este Plan non levaba asociado ningún cofinanciamento, senón que eses cursos se financian integramente cos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Non obstante, dende a Axencia galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) leváronse a cabo outras accións en formación de persoal e para cidadáns con dotación orzamentaria (adicional ao financiamento de fondos MRR), acadando esta os 882.883 euros no ano 2023. Para o ano 2025, o orzamento de formación complementaria será financiado ao 100 % por Orzamentos da Xunta e superará os 900.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 9:55:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 09:55:10
Nº Rexistro: 24164
Data envío: 15/04/2025 09:55:10.239

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12204**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Montserrat Prado Cores e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a cobertura por parte do Sergas dunha praza de facultativo no Centro de Saúde de Ribeira de Piquín e a situación da asistencia sanitaria neste concello"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A praza do centro de saúde de Ribeira de Piquín foi ofertada, tanto en concurso oposición (quedando vacante) como en chamamentos de interinidade aos facultativos (sen éxito).

Actualmente existe consulta no centro de saúde de Ribeira de Piquín os luns, mércores e venres, dando cobertura completa á poboación (hai 451 tarxetas sanitarias no municipio) co mesmo facultativo e sen ocasionar demora. Os martes e xoves o centro de referencia é o centro de saúde de Meira.

O Servizo Galego de Saúde continuará ofertando esa praza nos seguintes concursos ao obxecto de acadar a súa cobertura, tendo en conta o déficit de profesionais que afecta a todo o sistema nacional de saúde. Ante esta situación de falta de facultativos a Xunta vén reclamándolle ao Goberno central, que é quen ten a responsabilidade, que poña enriba da mesa solucións para poder dispoñer de médicos que as comunidades poidan contratar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 10:04:45



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12217**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a incidencia das patoloxías cardíacas na área sanitaria da Coruña e Cee e na de Ferrol e o criterio que ten a Xunta de Galicia que leva a non dotar os seus hospitais de servizos de rehabilitación cardíaca"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A posta en marcha de novas unidades asistenciais como a de rehabilitación cardíaca requiren dunha completa planificación que teña en conta os espazos dispoñibles. Concretamente, o proxecto do Novo CHUAC contempla a creación do servizo de rehabilitación cardíaca; e o plan Director do Hospital de Ferrol prevé ampliar a atención en cardioloxía con estes servizos. Con todo, cómpre remarcar que os pacientes son atendidos nos seus hospitais polos seus cardiólogos habituais, que lle dan recomendacións para a rehabilitación cardíaca. Non é certo que se deriven os pacientes a Santiago ou Lugo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 10:04:26

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12243**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **“a situación do Centro de Saúde de Laza derivada da falta de persoal médico a tempo completo e as previsións que ten a Xunta de Galicia en canto á resolución desta carencia”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O centro de saúde de Laza conta cun facultativo, que ten solicitado un permiso de redución de xornada.

Tendo en conta o dereito do traballador a ese permiso, a Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras procedeu a reorganizar o servizo para garantir a asistencia médica contando co médico de familia de Laza, unha médico FEAP con destino en Verín-Laza e reforzando con outros profesionais cando fose necesario.

Ante a falta de facultativos que afecta ao conxunto do sistema nacional de saúde, a Xunta vén reclamándolle ao Goberno central, que é quen ten a responsabilidade, que poña enriba da mesa solucións para poder dispoñer de médicos que as comunidades poidan contratar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 10:06:27



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 13172**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A asistencia sanitaria no municipio de Trabada está garantida con facultativos para 1.001 tarxetas. Non se amortizou ningunha praza. O facultativo do centro de saúde de Trabada continúa a súa actividade habitual coa cobertura dun cupo de 570 e outro de 431".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 10:06:02



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 13800**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Ramón Fernández Alfonso e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"o estado de tramitación, aspectos fundamentais e o cronograma previsto dos principais proxectos industriais e enerxéticos anunciados para o concello das Pontes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, en canto a cal é o estado de tramitación do proxecto de produción de hidróxeno renovable H2Pole, promovido por H2Pole S.L. sinálase que foi declarado proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta o 08.09.2022.

Trala presentación, por parte da empresa promotora, da documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, o 03.04.2023 publícase no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto H2Pole. Paralelamente a esta tramitación, e de conformidade co artigo 80.4 do Decreto Legislativo, solicitouse o informe dos órganos sectoriais afectados.

O 26.10.2023 e o 02.10.2024 publícanse a declaración de impacto ambiental e a autorización ambiental integrada, respectivamente.

Segundo o establecido no artigo 80.5 do dito texto refundido, a persoa titular da consellaría competente por razón da materia, logo do informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, elevará o expediente ao Consello da Xunta, que decidirá se procede a aprobación do proxecto industrial estratéxico.

Polo tanto, neste momento é preciso someter o proxecto ao informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para o cal o promotor debe presentar un proxecto de execución no que se inclúa unha memoria coas características técnicas detalladas que permitan a obtención do dito informe, así como a posterior aprobación do proxecto por parte do Consello da Xunta de Galicia.

A previsión temporal dos ditos fitos depende da achega da documentación precisa por parte do promotor.

En segundo lugar, sobre o estado de tramitación do proxecto de instalación dunha fábrica de pneumáticos radiais de alto rendemento, promovido por Sentury Tire Spain SLU, indícase que foi declarado proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta o 06.10.2022.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Trala presentación, por parte da empresa promotora, da documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, o 04.04.2023 publícase no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto denominado Fábrica de pneumáticos Sentury. Paralelamente a esta tramitación, e de conformidade co artigo 80.4 do Decreto Legislativo, solicitouse o informe dos órganos sectoriais afectados.

O 26.10.2023 publícase a declaración de impacto ambiental e está pendente a autorización ambiental integrada xa que foron realizados varios requirimentos ao promotor.

Co fin de continuar a tramitación do expediente, e tras varias solicitudes de emenda, o 28.06.2024 remitiuse o último requirimento ao promotor, co fin de que realizase unha serie de modificacións no proxecto e completase documentación técnica necesaria para obter a autorización ambiental integrada do proxecto. Non consta que, a día de hoxe, que o promotor teña respondido a este requirimento.

Polo tanto, o cronograma previsto para os próximos fitos depende da achega da documentación requirida por parte do promotor, para, a continuación, proceder á aprobación da autorización ambiental integrada, obtención do preceptivo informe da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo e, por último, a aprobación polo Consello da Xunta.

Tal e como se constata, a demora por parte do promotor na presentación da documentación requirida é o que provocou que este procedemento non estea finalizado a día de hoxe.

En terceiro lugar, sobre o estado de tramitación do proxecto dunha planta de biofibra reciclada branqueada promovido por Ence Energía y Celulosa S.A., apúntase que foi declarado proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta o 15.06.2023.

Trala presentación, por parte da empresa promotora, da documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, o 20.02.2024 publícase no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha planta de biofibra reciclada branqueada. Paralelamente, o 20.02.2024, solicitáronse os informes previstos no artigo 80.4 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

O 10/04/2025 remitiuse o expediente á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, co fin de continuar a tramitación prevista no dito texto refundido.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Unha vez finalice a tramitación ambiental, continuarase o procedemento, segundo o establecido no artigo 80 do dito texto refundido, é dicir, petición de informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e a posterior aprobación do proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta, de ser o caso.

En cuarto lugar, en canto ao proxecto de instalación de produción de hidróxeno e amoníaco verde, este foi declarado Iniciativa Empresarial Prioritaria o 03.08.2023. A declaración dun proxecto como iniciativa empresarial prioritaria supoñía unha redución de prazos e o carácter prioritario á realización dos trámites no seo dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, pero non presupón o resultado final da tramitación ambiental do dito proxecto, que será a que determine se o proxecto é viable desde o punto de vista ambiental e, polo tanto, se pode ser executado.

Por outro lado, indícase que o lago das Pontes conta actualmente con dous procedementos en curso de outorgamento dunha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidráulico de enerxía, que están a ser tramitados, de acordo coa normativa vixente.

En canto, a petición de información sobre o proxecto de acuicultura para o lago das Pontes, indícase que non consta a tramitación formal de ningunha planta de acuicultura.

Finalmente, en relación á información relativa aos proxectos industriais que se atopan en tramitación na zona das Pontes, cómpre salientar que, tal e como establece a normativa vixente, a maior parte dos fitos da dita tramitación publícanse no Diario Oficial de Galicia e, adicionalmente, a Consellería de Economía e Industria informa periodicamente ás asociacións empresariais e organizacións sindicais da zona, especialmente cando se producen incidencias ou feitos salientables en relación aos ditos proxectos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 10:05:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 10:05:50
Nº Rexistro: 24173
Data envío: 15/04/2025 10:05:50.045

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 16514**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Mercedes Queixas Zas e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“a situación e as eventuais medidas de mellora no transporte metropolitano da área da Coruña, e singularmente na conexión co Complexo Hospitalario Universitario da Coruña”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“Promover o uso do transporte público, como alternativa ao coche, é unha das principais liñas de actuación da Xunta de Galicia en materia de transporte de viaxeiros para que a comunidade avance cara a unha mobilidade máis sostible e responsable. Neste eido, o Goberno galego vén fomentando o uso do autobús por parte da cidadanía desde dúas vías: por medio do abaratamento das tarifas que pagan as persoas usuarias e por medio da mellora continua da oferta de servizos dispoñibles.

Para incentivar o uso do transporte público na área da Coruña, a Xunta de Galicia asinou cos concellos a creación da Área de Transporte Metropolitano da Coruña, un acordo de colaboración que impulsa as bonificacións ás persoas usuarias e que leva activo desde 2011.

No marco do dito convenio, a Xunta de Galicia asume o 80% da bonificación xeral e os concellos, o 20%. Ademais, a achega da Administración autonómica financia o 100% dos transbordos interurbanos, a bonificación por recorrencia, as bonificacións das familias numerosas, o 100% da aplicación da gratuidade do transporte público para os menores de 21 anos que viaxan coa tarxeta Xente Nova e para os maiores de 65 aos que se lle aplica a Tarifa +65, así como a bonificación adicional do 50% nas tarifas vixente desde 2022.

O impacto de todo o conxunto de vantaxes reflíctese nun continuado incremento da demanda nos últimos anos no conxunto da área de transporte metropolitano da Coruña.

No caso concreto dos desprazamentos ao CHUAC, a oferta actual de servizos de autobús interurbano con parada no CHUAC conta con 69 liñas que ofrecen uns 140.000 servizos ao ano, o cal supón que pasan pola parada do CHUAC máis de 450 autobuses nun día laborable medio, 240 os sábados e 220 os domingos.

Cabe salientar que a oferta de servizos se atopa en continua revisión, para dar a mellor resposta ao conxunto das necesidades de mobilidade da cidadanía da área metropolitana da Coruña”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:18:31



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17770**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“as demandas veciñais existentes no concello de Neda relativas á mellora da seguridade viaria da AC-115 e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A estrada autonómica AC-115 ten unha lonxitude de 4,71 quilómetros, entre o seu inicio na N-561 en Fene e o seu final na AC-862 en Neda.

O tráfico que se rexistra nesta estrada é alto, de entre 7.506 e 8.934 vehículos ao día, ao tratarse dunha zona moi urbanizada e con conexións coa rede viaria de alta capacidade.

No concello de Fene, a estrada conta cunha senda ou beirarrúa, en función do tramo, continua ao longo da estrada. É na marxe esquerda na que non hai beirarrúa en varios treitos, polo que existe un espazo fóra da calzada principal para o tránsito peonil seguro.

A Xunta de Galicia está a traballar para mellorar a seguridade e funcionalidade desta estrada.

Proba delo é a obra licitada con data 18 de marzo, para a execución dunha mellora da intersección da AC-115 coa AC-862 mediante a implantación dunha glorieta. Tamén o proxecto de mellora da seguridade e accesibilidade de paradas de autobús nas estradas autonómicas da zona sur da área de Ferrol, xa aprobado e de próxima licitación, que prevé a mellora de 16 paradas de autobús en Fene e de 32 paradas en Neda. Delas, 19 paradas son na AC-115, e para a definición das actuacións analizouse a accesibilidade ás paradas. Cómpre sinalar que o proxecto foi sometido a información pública, para que se recibisen as achegas que se considerasen necesarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24075
Data envío: 11/04/2025 15:21:29.705

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:21:29

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19206**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Óscar Insua Lema e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a concesión de axudas e subvencións por parte do Goberno galego aos concellos co único criterio, nas bases das convocatorias, da cronoloxía de entrada das solicitudes"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O procedemento de concesión destas subvencións, tanto nas axudas dirixidas a particulares como a concellos, tramitouse en réxime de concorrencia non competitiva, desde a súa orixe no ano 2021 ata o de agora. Axústase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O criterio establecido é o da orde cronolóxica de entrada das solicitudes, validamente presentadas, na sede electrónica da Xunta de Galicia ata que se esgote o orzamento da convocatoria e así defínese na convocatoria, en prol dos principios de transparencia e seguridade xurídica.

Nestes procedementos verifícase que o expediente cumpre cos requisitos establecidos no articulado da convocatoria e que as actuacións propostas son subvencionables axustándose á Guía de cor e materiais de Galicia das doce Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia, así como no caso dos valados, á Guía de caracterización e integración paisaxística de valados (publicadas na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático). Considérase que non é preciso establecer ningún tipo de prelación entre as solicitudes presentadas ao empregarse o criterio máis obxectivo de todos os posibles que é o de orde de presentación válida, non cabendo marxe a ningún tipo de valoración subxectiva ao respecto dos proxectos presentados. O criterio empregado é o máis xusto, meritario e obxectivo.

O sistema de concorrencia non competitiva ten demostrado que garante, non só a transparencia e obxectividade nestes procedementos de axudas para a corrección de impactos paisaxísticos, senón tamén a igualdade de oportunidades entre todos os potenciais beneficiarios á hora de poder acceder ao financiamento previsto nestas liñas de axudas. Asegúrase ademais a imposibilidade da existencia de trato discriminatorio entre os solicitantes, e unha distribución máis rápida dos fondos convocados entre os beneficiarios das axudas pola axilidade destes procedementos e a redución da carga burocrática dos mesmos.

Con respecto á convocatoria de 2025 non está aínda resolta. Cando se concedan as axudas darase a oportuna publicidade a través de todas as canles oficiais dando cumprimento ao establecido tanto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, como na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais da difusión que se realiza na Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade das mesmas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Neste programa de axudas de corrección de impactos paisaxísticos (MT402A e MT402B), desde o seu nacemento en 2021, investíronse en torno a nove millóns e medio de euros de fondo autonómico, un esforzo importante para os orzamentos da Xunta de Galicia.

Chegouse a máis de 283 entidades municipais, a máis do 90% do total de concellos galegos, cubrindo así unha ampla franxa do noso territorio. Claramente son axudas que chegan á práctica totalidade de concellos de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:21:23

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19903**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, don Julio Abalde Alonso e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as condicións nas que se presta actualmente o servizo de comedor do CEIP Altamira, de Salceda de Caselas, e as previsións do Goberno galego en relación coa dotación deste centro dunhas instalacións apropiadas para este servizo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"O comedor é un servizo educativo complementario, concibido hai décadas para asegurar que todo o alumando, incluído aqueles con máis dificultades, tivese acceso ao ensino en igualdade de oportunidades. Comprometidos con estes principios, reforzouse esta concepción e actualmente., en Galicia, temos unha das redes de comedor escolar máis importantes de España.

Para manter a prestación dun dos servizos máis xustos e accesibles, A Xunta de Galicia destina anualmente un importante investimento nesta materia, por riba da media nacional, tendo en conta o que representa a poboación escolar galega sobre o conxunto do Estado.

A Xunta de Galicia presta maioritariamente o servizo de comedor nos centros educativos galegos, noutros casos son as ANPAS ou os concellos os que, dentro das súas competencias, deciden facelo (como no caso do CEIP de Altamira), cos que a Xunta de Galicia colabora a través de distintas vías".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24073
Data envío: 11/04/2025 15:21:17.455

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:21:17

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19995**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"as obras de mellora hidrolóxica e drenaxe no regato Valdecorvos, en Pontevedra, para evitar as inundacións da rúa Padre Fernando Olmedo, o nivel de participación e financiamento da Xunta de Galicia e os prazos e orzamentos previstos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos celebrada o pasado 5 de marzo de 2025 polo director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón, en resposta á POC 19993.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 5 de marzo de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzYyNGlyM2EtZjJkOC00NGJkLW11OTctOTUzZDU1ZDFmYzU0&start=9533>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 13:56:57



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20062**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"o balance, os requisitos e o atraso da convocatoria deste ano das subvencións destinadas á contratación por parte de entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego ven de unificar, nunha mesma convocatoria, as axudas aos concellos rurais para a contratación de persoas desempregadas -Aprol rural e os destinados á contratación de persoas perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (Risga)- para facilitarlles o acceso a estas achegas.

Isto faise, entre outros aspectos, tras comprobar un descenso nas solicitudes relacionadas coa Risga, porque boa parte das persoas perceptoras deste apoio pasaron a recibir o Ingreso Mínimo Vital, que ten unha cobertura máis ampla.

Non obstante, cómpre salientar que as persoas perceptoras da Risga están entre os colectivos prioritarios que poden acceder a estas axudas e, a Xunta de Galicia, conta con outras liñas de apoio enfocadas a estes perfís estratéxicos.

En canto ao acceso das entidades locais, hai que aclarar que, aínda que a orde se centra nos concellos de menos de 50.000 habitantes, os de máis de 50.000 poden acceder a través das mancomunidades e consorcios locais.

O obxectivo destas axudas consiste no financiamento de accións de fomento de emprego, en colaboración coas entidades locais de Galicia para a realización de tarefas relacionadas, maioritariamente, coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa, cun orzamento de 14.308.298 euros.

As súas vantaxes céntranse en poñer o foco nunha problemática que teñen os concellos, como a limpeza de franxas, duplicar o orzamento, aumentar a cantidade e calidade dos contratos, a apertura dos perfís a tódolos parados (non soamente do Risga), así como mellorar os grupos de cotización, apoiar ao 100% no financiamento e a contratación anticipada".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:26:45



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20076**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“o alcance dos estragos que está a producir o crecemento da poboación de xabaril, as estratexias previstas pola Xunta de Galicia e os eventuais estudos ou informes dos que dispón verbo deste problema”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 12 de marzo de 2025 pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á POC 20074.

Enlace ao vídeo da sesión do Pleno celebrada o pasado 12 de marzo de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODIwZmlzZWMTUyYy00NmIOLTkZDAtMzJjMzVhN2M4YjRk&start=176>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 13:56:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 13:56:47
Nº Rexistro: 24202
Data envío: 15/04/2025 13:56:47,488

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20325**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a orientación prevista para a Fundación Galega de Atracción de Talento Investigador de Alto Nivel (Fundación Galtia) e as posibilidades que ten para o impulso da carreira e do ecosistema de investigación de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia na sesión do Pleno do Parlamento de Galicia o día 25 de febreiro no debate da CCP con número de rexistro 20313; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:
<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzQ4YzM0ZTEtZDQxOS00MjBhLTljZDctNzYyZDI3Mjc1ZTEw&start=3249>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:26:38



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20347**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre **"as alegacións presentadas e os informes técnicos que xustifican a eliminación da zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón da versión aprobada da Estratexia galega de infraestrutura verde"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos celebrada o pasado 2 de abril de 2025 polo director do Instituto de Estudos do Territorio (IET), Enrique De Salvador Sánchez, en resposta á POC 20345.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 2 de abril de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzU1MTk5NDUyZmY0Nzc4LWE0NDktZDVjMGZiNjA1MwY0&start=11765>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 13:56:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 13:56:41
Nº Rexistro: 24201
Data envío: 15/04/2025 13:56:41.488

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20732**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia canto á dotación da praza vacante de conserxaría no IES San Paio, de Tui, e a valoración que fai respecto das necesidades do centro neste aspecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 20731 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia, o 26 de Marzo de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Mzk2M2JlMzEtZTVlNi00OTgzLTljYjUtNzlwZjAzMGlzZTg4&start=5482>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24077
Data envío: 11/04/2025 15:26:33.265

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:26:33

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Corrección de erros

En relación coa pregunta con resposta escrita número 21039, formulada polo Grupo Parlamentario do PSOE, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro "**Sobre a xestión e as previsións de gasto da Xunta de Galicia en materia de dependencia**", con número de rexistro de entrada no Parlamento de Galicia **23099**.

Solicítolle, a corrección da devandita documentación que foi enviada por erro administrativo e a súa substitución pola resposta que se adxunta.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez.

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
11/04/2025 15:26:23

81232



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21039**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a xestión e as previsións de gasto da Xunta de Galicia en materia de dependencia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia incrementa todos os anos o orzamento dedicado a Dependencia, so neste exercicio creceu preto do 11%. Pero ese incremento pódese producir e manter unicamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, porque non esquezamos que os orzamentos do Estado seguen prorrogados, e a financiación a que está obrigado o Estado por persoa atendida segue conxelada dende os orzamentos do ano 2023.

Polo que segue a incumprir, pasados case dous anos, coas obrigas impostas por el mesmo coa aprobación do Real Decreto 675/2023 de 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, e establece un importe mínimo que debe recibir cada persoa dependente de 100 € grao I, 150 € grao II e 200 € grao III, cantidades polas que non están pagando.

Polo que Galicia está asumindo cada vez mais obrigas, e é moi doado recoñecer dereitos senón se acompaña de financiación.

Pero ademais da falta de orzamentos, a achega tamén segue conxelada. A porcentaxe de financiación da administración xeral á Dependencia en Galicia no ano 2024 caeu case en 6 puntos con respecto ao ano 2023 e non alcanza o 35%, cando como vostedes saben a Lei obriga a unha cofinanciación do 50%.

Con respecto ao crecemento das prestacións de teleasistencia por dependencia, indicarlles que no citado Real Decreto de xullo do ano 2023, hai que resolver teleasistencia a todas as persoas con dependencia salvo que o servizo recoñecido sexa residencia ou prestación económica vinculada a residencia, e por suposto resolvemos de acordo á normativa.



Por outro lado, a asignación dunha praza pública residencial debe realizarse de conformidade aos criterios establecidos na normativa de aplicación, segundo o principio de legalidade que rexe toda actuación administrativa.

Así o ingreso en centros residenciais efectúase de acordo co previsto na Orde do 16 de abril de 2014 polo que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal e de acordo ao establecido no Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

No caso de que unha persoa se atope nunha das situacións recollidas no artigo 17 do Decreto 142/2023, do 21 de setembro (emerxencia social), permítese a aplicación do sistema extraordinario de acceso a unha praza pública de atención residencial.

Así mesmo, contéplase a figura da estancia temporal nunha praza pública residencial se se dan as causas legalmente establecidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:26:26

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21055**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"a situación en que está o proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada AC-542 ao seu paso por Infesta, no concello de Betanzos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta está a traballar nun ambicioso proxecto de mellora da seguridade e accesibilidade peonil na estrada AC-542, en Infesta, no concello de Betanzos.

Con esta actuación a Xunta quere impulsar novas medidas en defensa da seguridade viaria e da accesibilidade no treito inicial de 2,4 quilómetros desta vía autonómica, habilitando un itinerario peonil continuo e mellorando a visibilidade nos distintos accesos.

O proxecto incorpora as propostas do proxecto piloto elaborado por Stop Accidentes no centro Pai Menni, no marco dun convenio de colaboración da Xunta; así como as suxestión trasladadas polos veciños de Infesta.

Destacan actuacións singulares como a nova glorieta do enlace da AC-542 coa N-VI, o novo acceso a Pai Menni, a mellora da accesibilidade peonil na travesía de Infesta, e a ampliación do paso superior da pasarela sobre a vía do ferrocarril.

A Xunta prevé someter nas vindeiras semanas este proxecto a información pública, estimando telo aprobado en outono para a finais de ano ou principios do 2026 poder realizar as expropiacións e a continuación licitar as obras".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:29:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24084
Data envío: 11/04/2025 15:29:43,546

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21151**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"o estado de conservación do parque das Fragas do Eume, as actuacións levadas a cabo nel por parte da Xunta de Galicia e os seus obxectivos ou expectativas respecto deste espazo natural"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos celebrada o pasado 2 de abril de 2025 pola directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz Mouteiro, en resposta á POC 16174.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 2 de abril de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzU1MTk5NDU0YzNlYi00Nzc4LWE0NDktZDVjMGZiNjA1MwY0&start=7808>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 15/04/2025 13:56:34



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21243**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"o avance en Galicia da retirada do amianto e o nivel de compromiso da Xunta de Galicia con este obxectivo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), ten competencia na tramitación para a aprobación dos plans de traballo para asegurar que os traballos con amianto se leven a cabo de maneira que non se poña en risco ao persoal traballador nin a outras persoas, ademais de protexer o medio ambiente.

Na tramitación do procedemento de aprobación dos plans, tanto o Issga como a Inspección de Traballo e Seguridade Social, emiten un informe técnico. Para poder realizar os traballos con amianto, as empresas teñen que estar inscritas no Rexistro de Empresas con Risco por Amianto (RERA), que tamén é xestionado polo Issga.

Todo isto faise de xeito coordinado e harmonizado nas catro provincias e tendo en conta o Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

Os datos da tramitación referentes ao pasado ano 2024 son os seguintes:

- Número de plans de traballo presentados: 710.
- Número de plans de traballo aprobados: 696.
- Número de traballos executados ao abeiro de plans aprobados: 2.616.

O persoal técnico do Issga tamén realiza comprobacións in situ do cumprimento das medidas preventivas contempladas no plan de traballo aprobado, coa intervención do persoal técnico habilitado cando sexa necesario.

Respecto a outras actuacións de asesoramento técnico e divulgación, destacan as seguintes:

- Campaña de sensibilización e accións formativas dirixidas ao persoal traballador que pode atopar amianto de xeito inesperado (persoal de mantemento, da construción ou fontaneiros, entre outros), a través da publicación Alerta ISSGA, pode haber amianto.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- Accións de información e asesoramento dirixidas a comunidades de veciños e persoas interesadas en xeral, en especial no tocante a responsabilidades sobre a xestión dos materiais con amianto, prácticas desaconselladas como a dobraxe de cubertas, a necesidade de xestionar e retirar debidamente todo o amianto instalado e os requisitos para a retirada segura.

- No plan de actuación do Instituto para este ano 2025, recóllense dúas campañas de sensibilización, que están en proceso de elaboración, unha delas sobre a identificación e xestión dos materiais con amianto instalados e outra para alertar sobre as obrigas na retiradas de amianto nos edificios. Ademais, está prevista no segundo semestre do ano, a realización dunha xornada técnica para dar orientacións de cara a xestión segura dos materiais con amianto e metodoloxías de localización, identificación e valoración do risco potencial.

O lssga conta cunha ampla experiencia en materia de amianto e participa activamente en diversos grupos de traballo a nivel autonómico e nacional que pretenden dar respostas técnicas a problemáticas de riscos concretas, propiciar as necesarias reformas técnicas e/ou normativas e, en xeral, transmitir e compartir coñecemento técnico.

A continuación, indícase unha relación destes grupos:

- Grupo sobre amianto do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral (CGSSL).
- Grupo sobre amianto da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST) e o subgrupo para a modificación do Real Decreto 396/2006 co motivo da publicación da nova Directiva de amianto que rematou na elaboración dun informe que servirá de base para facer a transposición normativa.
- Grupo sobre amianto da Rede Interterritorial de Seguridade e Saúde no Traballo (RISST) no que se traballa en dúas liñas de traballo, unha para elaborar unha guía para o seguimento e control da execución de plans de traballo e outra relativa á formación do persoal traballador en materia de amianto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:29:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24083
Data envío: 11/04/2025 15:29:37.514

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21403**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **“a activación de medidas orientadas a que o alumnado de procedencia estranxeira poida adquirir competencias en lingua galega”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 18037 e debatida na Comisión 4ª Educación e Cultura, o 13 de febreiro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDFkMDcyNjYtNTlmNS00NzE4LWE4ODUtMmQxNmVmNTYwM2Ex&start=2365.336>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:29:31



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21515**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“o impulso dos obxectivos de equidade e corresponsabilidade social na política de atención á dependencia e o modelo de coidados que desenvolve a Xunta de Galicia”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O incremento orzamentario que anualmente inviste a Xunta de Galicia en dependencia, demostra o noso compromiso neste eido. Así neste ano 2025 dedicamos máis de 700 millóns de euros.

Lamentablemente, o Goberno central segue moi lonxe de cumprir a lei de dependencia e de achegar o 50% do financiamento dos servizos. Todo o contrario, en lugar de incrementar as achegas o que fai é reducir o financiamento a Galicia. As cifras son claras: se no ano 2023 aportaba o 40% do custo da dependencia, no 2024 diminuíu esta achega ata o 34,9%.

E como xa temos dito en múltiples ocasións, todo isto se traduce en máis de 2.500 M€ que é o que o galegos deixamos de recibir polo reiterado incumprimento na Lei de Dependencia por parte do Goberno central.

Aínda así, o último informe do Imsero (do mes de febreiro) sinala que Galicia se atopa entre as primeiras comunidades con mellor ratio de atención á dependencia: O 98,46% de persoas cun grao recoñecido que xa reciben prestación ou servizo (máis de 77.000), seis puntos por riba da media nacional (92,18%).

Por outro lado, promover a igualdade entre mulleres e homes tamén significa levar a corresponsabilidade a todos os ámbitos da vida. Moitas mulleres seguen a ter que facer un sobreesforzo para compaxinar a vida laboral coa familiar.

Dende o Goberno galego levamos anos impulsando medidas que sitúan a Galicia como un referente en conciliación. Así, este ano temos en marcha unha batería de programas de impulso á conciliación e á corresponsabilidade que suman entre todos máis de 150 M€:

- A continuidade da gratuidade das escolas infantís (con máis de 65M€ adicados este ano).
- As Casas Niño e das Casas do Maior, para garantir tamén a conciliación no rural galego.
- O impulso das axudas para a redución de xornada para cambiar a tendencia e que cada vez sexan máis homes os que a soliciten.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- O apoio a programas e actividades de conciliación corresponsable en concellos, entidades de iniciativa social e ANPAS cos que chegamos a máis de 30.000 familias o ano pasado.

- Ou a ampliación do Bono Concilia Familia.

O Bono Coidado no Fogar, á que fai referencia a iniciativa, é unha axuda directa (5.000 € ao ano) que permite ás persoas en situación de dependencia (maiores e persoas con discapacidade con situación de dependencia recoñecida) permanecer na súa contorna ao coidado dun familiar, amigo ou veciño de referencia.

Trátase dunha axuda novidosa porque non existe ata o momento en ningunha outra comunidade autónoma. Actualmente hai máis de 23.000 persoas que xa a estar a percibir”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:29:25

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21653**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de desenvolver un programa específico destinado a combater a soidade non desexada"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A soidade non desexada é un fenómeno que non afecta só á nosa Comunidade, senón que afecta a toda España. A Xunta ten moi avanzada a que será a primeira estratexia galega neste ámbito e na que tamén están implicadas entidades sociais e concellos.

O obxectivo desta Estratexia é minimizar os efectos da soidade non desexada actuando en tres eixos: a prevención, a detección e a intervención.

No caso das persoas maiores que viven soas, un dos principais compromisos do Executivo autonómico é prestarlles apoio a través de programas como:

- Xantar na casa, que serve 14.000 menús semanas a arredor de 2.000 persoas.
- O Servizo de Axuda no Fogar, que garante coidados profesionais a domicilio a preto de 25.000 persoas.
- As casas do maior, con máis dun centenar de centros abertos por toda Galicia que ofrecen unha atención próxima e gratuíta aos maiores.
- Ou a posta en marcha do Carné +65 a través do cal os nosos maiores poden acceder a vantaxes e descontos en viaxes, balnearios, lecer... fomentando así o envellecemento activo.

Polo tanto, existe un compromiso firme do Goberno galego en combater a soidade non desexada, a través de múltiples iniciativas xa en curso e outras que serán anunciadas en breve".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:29:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24080
Data envío: 11/04/2025 15:29:18.358

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21721**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a reunión mantida pola conselleira de Política Social e Igualdade co presidente da Fegamp o 3 de marzo de 2025 verbo da situación do Servizo de Axuda no Fogar e do seu sistema de financiamento"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é consciente da importancia do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), a través do que reciben atención preto de 25.000 persoas con dependencia.

Por iso, vimos de abrir un proceso de negociación coa Fegamp para chegar a un acordo que sexa beneficioso para a cidadanía. Unha primeira reunión na que se volveu a mostrar o compromiso da Xunta de seguir incrementando o financiamento do servizo con máis usuarios.

Confiamos en que o Goberno central tamén se implique na mellora do financiamento deste servizo e da dependencia no seu conxunto. Pero o certo é que, en lugar de ir subindo a achega ata cubrir o 50% do gasto, o Estado foi reducindo o seu investimento. De feito, en 2023 a cobertura achegada era do 40%, mentres que en 2024 quedou nun 34,9%. Ao mesmo tempo, sigue aumentando as cargas para Comunidades e concellos sen consenso e sen financiamento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24087
Data envío: 11/04/2025 15:32:57.997

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:32:57

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21877**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, dona Olalla Rodil Fernández e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **“a evolución da fenda laboral e salarial de xénero, as actuacións que impulsa a Xunta de Galicia ante esta situación e a avaliación das súas consecuencias na economía galega”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

“Con datos máis recentes aos incluídos na exposición de motivos, fixándonos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 4.º trimestre de 2024, a taxa de actividade de entre 16 a 64 anos de idade reflicte que, mentres en Galicia traballan un 71,92% das mulleres, en España fano un 71,38%, porcentaxe lixeiramente por debaixo da nosa comunidade. Asemade, mentres que a taxa de paro se sitúa nun 9,81% das mulleres en Galicia, en España sitúase nun 11,83%, bastante por enriba. E, adicionalmente, se consultamos a taxa de ocupación de entre 16 a 64, mentres na nosa comunidade se atopan ocupadas un 64,73% de mulleres, en España estano nun 62,91%, preto de dous puntos por debaixo. **A través destes datos, bosquexase unha situación algo máis favorable para as mulleres residentes na nosa comunidade en comparación co resto de España.**

A **taxa de ocupación das mulleres** de entre 16 e 64 é case dous puntos **maior** en Galicia (64,73%) que en España (62,91%) e a **fenda entre mulleres e homes** neste ámbito é case 6 puntos **menor** (Galicia: 5,9 puntos//España: 9,2 puntos). Por outro lado, se nos fixamos nos datos do paro do mes de marzo, **Galicia baixa a cifra de mulleres desempregadas** (-7,10%/5.282), o mellor mes de marzo desde que hai rexistros (desde 2005).

Respecto da segregación ocupacional, **as mulleres están a irromper no mercado de traballo en ocupacións que requiren un alto nivel de educación e especialización cunha clara tendencia alcista**. Así, en 2024 o grupo ocupacional 2 de alto nivel de cualificación (técnicos profesionais, científicos e intelectuais) rexistrou a maior creación de emprego feminino nos últimos cinco anos (19.500 ocupadas máis) e o grupo 3 de nivel de cualificación medio-alto medrou en 15.900 novas ocupadas. Con todo, **consideramos prioritario seguir aumentando a presenza das mulleres en todos os ámbitos**, promovendo a eliminación dos desequilibrios e das discriminacións.

A partir dos datos, case 8.000 persoas foron adheridas ao Campus de Igualdade (o 75% foron mulleres e, o 25%, homes), 6.000 persoas participaron nas formacións (o 77% foron mulleres e, o 23%, homes), impartíronse un total de 95 accións formativas (65 cursos e 30 talleres) e emitíronse 11.044 certificados (o 81% foron mulleres e, o 19%, homes). Un espazo centrado en acercar á sociedade á igualdade

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



laboral a través de conceptos e teorías, co fin de comentar a reflexión e un cambio de actitudes e valores que promovan o fin das desigualdades no ámbito laboral. En canto á distribución dos participantes segundo a súa ocupación, o 9,14% do total foron autónomos (o 74,24% foron mulleres e, o 25,76%, homes), o 12,72% foron estudantes (o 78,92% foron mulleres e, o 21,08%, homes), o 74,29% foron traballadores por conta allea (o 80,4% foron mulleres e, o 19,6%, homes), así como un 3,83% de persoas desempregadas (o 84,4% foron mulleres e, o 15,6%, homes). Así mesmo, no tocante ás categorías laborais con maior representatividade nas formacións, o persoal técnico formou o 37% do total, cunha porcentaxe do 82,89% de mulleres e do 17,11% de homes. O persoal directivo formou o 35% do total, cunha porcentaxe do 77,5% de mulleres e do 22,5% de homes, así como o persoal administrativo, que formou o 14% do total, cunha porcentaxe do 85,86% de mulleres e do 14,14% de homes.

Por último e tendo en conta os sectores laborais con maior representatividade nas formacións, a industria formou o 10,05% do total (o 73% foron mulleres e, o 37%, homes), o sector agroalimentario o 19,22% do total (o 80% foron mulleres e, o 20%, homes) e os servizos profesionais, o 38,77% do total (o 73% foron mulleres e, o 37%, homes).

Existen outros programas para combater a desigualdade laboral, coma o *Plan de igualdade das empresas*, un documento operativo de traballo que reúne un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar unha diagnose de situación, que perseguen conseguir a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres para, así, eliminar e corrixir calquera discriminación por razón de sexo. Así, ponse de manifesto a importancia da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, é dicir, a posibilidade de compatibilizar o traballo remunerado coas tarefas domésticas e as responsabilidades familiares, e mesmo estender esa conciliación á esfera privada das persoas e a dispoñibilidade de tempo libre para o desenvolvemento persoal, falando de maneira ampla de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Para tal fin, avanzamos no **efectivo fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres no eido laboral** e no impulso á presenza feminina en sectores profesionais tradicionalmente masculinizados neste ano 2025 cunha serie de medidas, tales como:

- Axudas destinadas á contratación de mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas.
- *Galicia Emprega Muller* para favorecer a contratación de mulleres.
- Achegas destinadas a empresas para favorecer a conciliación en materia de igualdade laboral.
- Plataforma virtual *Iqual Campus* (unha ferramenta formativa especializada en igualdade de xénero para acadar as 120 accións formativas realizadas deica xuño deste ano).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- Medidas contra a fenda salarial, en beneficio directo dos sindicatos galegos a través de accións formativas.
- Campus en Igualdade Laboral xa mencionado.
- Programa "Ti elixes", iniciativas que favorecen unha conciencia libre de estereotipos de xénero e de prexuízos respecto das profesións.

Por suposto, sen entrar no resto de axudas postas en marcha tanto para fomentar o emprendemento como a consolidación do emprego, tanto por conta propia como por conta allea, ás que contan con acceso mulleres e homes e que están orientadas a consecución dun emprego de calidade. Lembramos que, neste 2025, destinamos máis de 40 millóns de euros nun paquete específico de axudas ao colectivo de autónomos e máis de 32 millóns de euros no relativo ao emprendemento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:32:51



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22216**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia dunha eventual reforma das bolsas de doutoramento para mellorar a situación do alumnado investigador"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia na comparecencia con número 20313 debatida o 25 de Febreiro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzQ4YzMOZTEtZDQxOS00MjBhLTljZDctNzYyZDI3Mjc1ZTEw&start=3249.583>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:32:44



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22418**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, sobre **"as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ante a rescisión do contrato de xestión dos helicópteros do 061 á actual empresa concesionaria"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 16419, formulada no marco da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 20 de febreiro de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada: <https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/D6OZMdi9dbIm12SHhHOIJPshWp0MvAjynlQw00ubGbSTIdNV>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24090
Data envío: 11/04/2025 15:34:53,747

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:34:53

CSV: BOPGDSPG-Whyz7krD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22489**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **“as actuacións previstas no futuro convenio co Concello de Ferrol para desenvolver un plan de rexeneración urbana da cidade e os prazos para a súa sinatura e posta en marcha”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A colaboración do concello de Ferrol durante o mandato socialista foi nula. E o retraso na tramitación das licenzas causou, por un lado, o encarecemento das obras de rehabilitación e, por outro, provocou que varias das licitacións quedaran desertas por mor do incremento dos custes da construción.

Se o goberno municipal socialista tivera feito o seu traballo con dilixencia hoxe serían varios máis os inmobles xa rehabilitados ou en obras en Ferrol Vello.

A día de hoxe están en execución as obras de rehabilitación de Carmen Curuxeiras 8, Carmen Curuxeiras 22-24, Benito Vicetto 17 e Castro 22-24.

E licitaranse próximamente as obras de rehabilitación de Carmen Curuxeiras 33-38, Espartero 18, Espartero 46, Espartero 56, San Francisco 13 e Mártires 9, de maneira que se agarda que en 2025 estean en obras a meirande parte dos inmobles adquiridos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:34:47



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22681**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, sobre **“o estado de conservación da estrada PO-840, vía que une as localidades de Agolada e Melide”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Nestes momentos, está en redacción o proxecto “Reforzo de firme localizado na PO-840 e PO-841”, de clave PO/25/027.02. Este proxecto prevé a mellora do firme na estrada obxecto da pregunta, no marco do Plan de reforzos de firme da Xunta de Galicia.

Deste modo, continuarase traballando para a mellora do firme nas estradas autonómicas e particularmente as estradas da comarca do Deza, dando continuidade á obra “Renovación da capa de rodadura das estradas PO-206 e PO-905”, de clave PO/23/055.02, en avanzado estado de execución nos concellos de Lalín e Vila de Cruces”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal






Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/04/2025 15:34:41





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

